

## Éxito de público tanto presencial como online

### REDACCIÓN

LUGO. Unhas 75 persoas, entre adultos e cativos, asistiron como público ao I Clínic de Baloncesto, impulsado e organizado polo GDR4 Comarca de Lugo. A actividade, que se celebrou o 2 de abril en Guntín, incluíu unha conferencia sobre a relación entre adestrador e xogadores impartida por Luis Guil, adestrador da ACB e axudante da Selección española.

Un total de 26 adestradores, de maneira presencial, e 89 a través da retransmisión en directo por

streaming en [comarcadelugo.gal](http://comarcadelugo.gal) puideron seguir as explicacións de Guil. O vídeo da clase maxistral, dispoñible na citada web, está a ter un elevado número de visitas, indicaron dende o GDR.

Ademais, o organismo quixo agradecer a colaboración brindada polos xogadores da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón no desenvolvemento da xornada, na que os asistentes puideron gozar dunha merenda saúdnable e participaren nun sorteo de premios relacionados co baloncesto.



O adestrador Luis Guil nun momento da súa clase maxistral, no Pavillón de Guntín. Foto: EP